

## ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

### DATOS DA PERSOA CONVOCANTE

Nome: SONIA	1.º apelido: GÓMEZ	2.º apelido: NAYA	NIF: 34898059K
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: PRESIDENTA		

### LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	<a href="https://teams.microsoft.com">https://teams.microsoft.com</a>		
Data:	23/09/2024	Hora:	21:30 h

### PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela	X	
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Adrián Pérez Alonso	Responsable Raids	Raza Palleira		X
	Responsable Trail-O			
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros	X	
Candela Puime López	Responsable Deporte Escol.	VigOrienta		X
-----	-----	-----		
Pelayo García Acevedo	Convidado como futuro vogal de Trail-O	Aromon	X	

### ORDE DO DÍA

- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (18-06-2024)**  
Apróbase por unanimidade a acta da xunta directiva anterior celebrada o día 18/06/2024.
- Aprobación, se procede, da publicación na web da Fegado da I Carreira de orientación polo ictus**  
Corrobórase a aprobación feita anteriormente por wassap da Xunta Directiva, procedendo polo tanto a publicar dita carreira na web.
- Procedemento a aplicar na web e nas redes da Federación de eventos solidarios non oficiais**  
Toma a palabra a Presidenta para expor se se publican ou non na web e nas redes da Federación eventos solidarios de carácter non oficial. Tras un intercambio de opinións valórase a posibilidade de non publicitar os eventos solidarios non oficiais nas redes sociais da Fegado. Porén considérase que na web serán os clubs organizadores deses eventos solidarios os responsables de publicalos no calendario como un evento non oficial ou como noticia sempre que estean relacionados coa orientación. Procédese a realizar a votación resultando 5 votos a favor e 3 abstencións de non publicalos nas redes sociais pero si como calendario e noticiais de eventos non oficiais na web.
- Dietas alto rendemento**  
Toma a palabra a Presidenta para indicar que as persoas corredoras que entregue proxecto deportivo á FEDO para formar parte dunha selección terá que informar a FEGADO unha relación das probas as que asista

como condición imprescindible para poder beneficiarse das dietas de alto rendimento proporcionadas por esta federación.

Debátese que é importante que as vogalías teñan coñecemento destes proxectos e poidan facer seguimento das actividades das posibles persoas seleccionadas. Podería ser motivo de non recibir a dieta si de estar seleccionado se refuta a praza sen motivo xustificado.

#### 5. **Manual CPO's nas bibliotecas**

A Presidenta indica que é posible consultar publicamente nas bibliotecas o libro de Circuitos Permanentes de Orientación elaborado por Xan Trigo.

#### 6. **Nova entidade bancaria da Federación**

A Presidenta indica que para reducir a cero as comisións cámbiase de entidade bancaria da Federación de Abanca ao banco Santander. Ademais engade que para as firmas existen tres persoas autorizadas: Presidencia, Tesourería e Secretaría. O cambio de identidade supón tamén a existencia de dúas tarxetas de débito gratuítas que quedan en posesión de do Tesoureiro e da Presidenta.

#### 7. **Presentación do novo vogal da Federación de O-Trail**

Toma a palabra a presidenta para presentar e dar a benvida a Pelayo García Acevedo como novo vogal de Trail-O da Fegado.

#### 8. **Rogos e preguntas**

Claudia indica que de cara as probas de remudas do mes de decembro é convinte mercar os trofeos a través dunha empresa.

Pelayo pregunta se para o campionato de España de Trail-O se realiza algunha selección. Jorge Piñeiro indica que se seleccionan aos catro mellores do ranking (tendo en conta as probas do ano 2023 e a deste ano organizada polo club Arnela) e eses son os que poden ser subencionados pola Fegado.

Continúa Pelayo preguntando como se reparten os 2000 euros que figuran no presuposto para a organización das probas de O-trail. Responde Javier Antoñón que ata este ano se organizaba unha proba por provincia polo que a cada club organizador lle correspondía unha cantidade de 500 euros. Aclara a Presidenta que a cantidade máxima por proba que corresponde a cada club organizador é de 500 euros.

Intervén Jorge Piñeiro para preguntar se se pagou o Campus de Verán ao cal responde a Presidenta que está todo pagado.

Jorge Piñeiro pregunta se hai opción dunha nova tecnificación de cara a final do ano, en decembro. O tesoureiro respóndelle que o propoña para deste xeito valorar a forma de conseguir presuposto.

E sen máis asuntos que tratar, a presidenta da FEGADO dá por finalizada esta Xunta Directiva sendo as 22:38 h do día antes indicado.